



Concello de Cangas

1. Finalidade

Proceso participativo para marcar os días festivos locais de 2019-20-21.

2. Censo

Persoas empadroadas en Cangas e maiores de 16 anos a 31 de decembro de 2017.

3. Formato

Votación individual presencial en locais municipais o domingo 27 de maio de 2018.

4. Metodoloxía:

4.1. Presentación de candidaturas

- Poden presentar candidaturas persoas físicas maiores de 16 anos pertencentes ao censo municipal, podendo presentar soamente un día por persoa.
- As candidaturas teñen que estar avaladas por un mínimo de 50 persoas maiores de 16 anos empadroadas no Concello de Cangas.
- Unha mesma persoa pode avalar todas as candidaturas que desexe.
- As candidaturas poden referirse a un día fixo no calendario ou a unha data que varía cada ano dependendo doutros condicionantes (Calendario luar, día da semana, etc.). En consecuencia, as candidaturas deben detallar:
 - Denominación do día proposto como festivo.
 - Data numérica e día da semana do día proposto como festivo no ano ou cada un dos anos do período plurianual obxecto da consulta (Sempre que xa estivese establecido).
 - Breve explicación motivada sobre a candidatura como festivo local.
- O prazo para presentar as candidaturas é de 21 días naturais, comezando o 8 de abril
- O lugar de presentación da candidaturas é no rexistro municipal
- No caso de presentarse mais de unha candidatura para unha mesa data, agruparíanse como unha soa, sumando as sinaturas de ambas para o computo.
- O número máximo de candidaturas establécese en dez. No caso de que haxa un empate no número de avais das candidaturas, escollerase por orde de entrada no Rexistro.
- No caso de se presentaren máis candidaturas do número máximo establecido, as dez con maior número de avais serán as que pasarán á fase final de votación.

4.2. Período de campaña

- As candidaturas disporán de 15 días para a promoción da súa opción.



Concello de Cangas

- A campaña de promoción deberase desenvolver en positivo. Non se admitirán ataques a outras opcións.

4.3. Procedemento de votación

- A votación realizarase de forma presencial nos locais habilitados como colexio electoral, entre as 10:00h e as 19:00h.
- Cada parroquia contará, como mínimo, cun punto de votación.
- As mesas de votación estarán formadas por un máximo de 3 persoas (voluntarias, inscritas previamente nun censo), presidencia, secretaría e voceira. Con un mínimo de dous: presidencia e secretaría.
- As persoas participantes da mesa, poden explicar o sistema de votación as persoas que así o demanden, para facelo proporcionarase unha guía normativa do proceso
- Nas papeletas aparecerán as candidaturas, ordenadas segundo calendario.
- Cada persoa pode votar como máximo dúas opcións, marcando cun “1” a primeira elección e cun “2” a segunda.
- O voto marcado con un “1” (primeira opción) terá o valor de 3 puntos. O marcado cun “2” (segunda opción) valorarase 1 punto.
- Unha vez finalizado o horario de votación (19:00h), os presidentes de cada centro de votación precintará as urnas e esperará a que estas sexan recollidas pola Policía local.

4.4. Procedemento de recuento

- Unha vez finalizado o horario de votación (19:00h), os presidentes de cada centro de votación precintará as urnas, introducirá o censo electoral utilizado nos sobres precintados e agardará a que todo o material sexa recollido pola Policía Local, que será a responsable da súa custodia ata a Casa do Concello.
- O recuento levarase a cabo no Salón de Plenos a partir das 20:30h do 27 de maio, supervisado por unha mesa electoral formada por tres persoas que validarán o resultado .
- O proceso de escrutinio estará aberto ó público e será realizado baixo a supervisión do Concelleiro de Participación Veciñal.
- Sumaranse todos os puntos de cada candidatura (asignando 3 puntos ós días seleccionados no primeiro lugar e 1 punto ós marcados como segundos). Os dous días con maior puntaxe total serán propostos ó pleno como os dous días festivos locais para os anos 2019-20-21.
- Se no período obxecto da votación (2019-20-21) un dos días seleccionados como festivos coincidise en fin de semana, o festivo local pasaría á seguinte opción máis votada (o terceiro na lista) e así sucesivamente, ata poder asignar o festivo a un día hábil.



Concello de Cangas

5. Cronoloxía do proceso

- *Domingo, 8 de abril de 2018.* Apertura do prazo de presentación de candidaturas (3 semanas)
- *Domingo, 29 de abril de 2018.* Peche do prazo de presentación de candidaturas.
- *Venres, 4 de maio de 2018.* Publicación das candidaturas oficiais e apertura do período de reclamacións.
- *Martes, 8 de maio de 2018.* Peche do período de reclamacións.
- *Mércores, 9 de maio de 2018.* Publicación de candidaturas definitivas.
- *Sábado, 12 de maio de 2018.* Apertura da campaña
- *Sábado, 26 de maio de 2018.* Peche de campaña
- *Domingo, 27 de maio de 2018.* Día da consulta (10:00h-19:00h), reconto e proclamación de resultados.
- Aprobación polo correspondente pleno dos novos días festivos.